



BASES PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL, MEDIANTE OFERTA NA OFICINA DE EMPREGO SANTIAGO NORTE E POSTERIOR CONCURSO-OPOSICION, DE DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA CINCO MESES E MEDIO A XORNADA PARCIAL (6 HORAS/DÍA) E UN OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS AXUDANTE RECOLLIDA LIXO PARA CATRO MESES E MEDIO A XORNADA COMPLETA DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS ANO 2026” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA O CONCELLO DE VEDRA.

BASE PRIMEIRA.- OBXECTO DA CONVOCATORIA.

Estas bases teñen por obxecto a contratación do seguinte persoal:

- 2 peóns de obras públicas a xornada parcial (6 horas/día) durante 5 meses e medio.
- 1 operario/a servizos varios-axudante recollida lixo a xornada completa durante 4 meses e medio.

Con cargo ao programa denominado “Programa de Integración laboral 2026”. Código de expedientes SUBTEL 2025000044005 e TEDEC 2025/A008/000029 e 2026/E001/000001 convocado e subvencionado pola Deputación Provincial de A Coruña a través do programa PEL-CONCELLOS 2026.

As tarefas a realizar, en cada caso, polo persoal seleccionado serán as seguintes:

- Conservación e mantemento dos parques e xardíns, así como aquelas áreas e espazos verdes municipais que se estenden ao longo de todo o termo municipal.
- Conservación e limpeza das beirarrúas e viais do Concello, limpeza de infraestruturas viarias, tales como sinais, marquesinas, indicadores (tarefas de limpeza e desbroce perimetral), acondicionamento e conservación de vías públicas (pavimentación e bacheo, colocación de badéns e bandas rugosas, repintado de sinalización horizontal (pasos de peóns, vados, zonas de aparcamento para persoas con discapacidade funcional, stops, cedas, etc.).
- Construción de beirarrúas, pequenas obras de ampliación de saneamento e abastecemento, alcantarillado, entubaxes de pluviais, augas veciñais, de rego, e similares; pequenas obras de mantemento e conservación de instalacións públicas; construción, conservación e mantemento de parques públicos
- Tarefas de apoio na recollida e tratamento de residuos,...
- Cobertura do período de vacacións dos operarios de recollida de residuos sólidos urbanos (RSU)
- Aquelas outras tarefas relacionadas cos servizos incluídos neste programa, se fose preciso.

A xornada laboral é a **tempo parcial (6 horas/día)** para peóns de obras públicas e a **tempo completo** para o/a operario/a de servizos varios-axudante RSU e axustarase ás necesidades do servizo.

BASE SEGUNDA.- CONDICIÓN DOS/AS ASPIRANTES.

- a) Ser español ou nacional doutro Estado, estes últimos, de acordo co disposto no artigo 57 do EBEP.
- b) Idade: ter cumpridos dezaseis anos de idade e non exceder a idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Habilitación: non ter sido separado/a, mediante expediente disciplinario, do servizo de calquera das administracións públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial. Non suposto de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmo termos, o acceso ó emprego público. (Achegarase declaración xurada a cubrir polo aspirante (Anexo I), que deberá presentar previamente a participar no proceso de selección).
- d) Estar en posesión do **permiso de conducir tipo B**.
- e) **Estar en posesión da tarxeta de demandante de emprego como desempleado/a na oficina de emprego correspondente.**
- f) Segundo o apartado 3.2 das bases de convocatoria do Programa de Integración Laboral (BOP núm. 197 do 15 de outubro de 2025) estipula que as persoas a contratar no programa deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, ou no caso de existencia de listas anteriores na data da convocatoria e atoparse nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral:
 - **Mulleres, ao ter un diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes.**



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

- **Maiores de 45 anos.**
- **Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo de 1 ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego.**
- **Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%.**
- **Persoas en situación de drogodependencia.**
- **Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.**
- **Persoas con fogar monoparental.**
- **Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.**
- **Persoas vítimas de violencia de xénero.**
- **Persoas sen fogar.**

As persoas aspirantes presentarán unha declaración xurada (anexo II), que deberá presentar previamente a participar no proceso de selección, indicando o colectivo ou colectivos aos que pertence. No caso de saír como titular para a contratación deberá acreditar documentalmente mediante documento orixinal ou copia cotexada ao colectivo ou colectivos aos que pertence, no prazo máximo de 2 días a contar dende o mesmo día que sae publicada a listaxe definitiva, nas dependencias municipais. De non acreditarse axeitadamente non se procederá á contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

BASE TERCEIRA.- REQUISITOS PARA A SELECCIÓN E DATAS PARA A REALIZACIÓN DAS PROBAS

As persoas aspirantes serán preseleccionadas pola Oficina Pública de Emprego de Santiago Norte, que remitirá lista provisional, previa oferta presentada polo Concello de Vedra.

Datas para a realización das probas.- As persoas candidatas deberán presentarse, na data e hora que a Oficina Pública de Emprego e/ou o Concello de Vedra requira (ben por carta ou por calquera outro medio de comunicación que se acorde) nas dependencias municipais da Casa do Concello de Vedra (Avda. Mestre M. Gómez, nº 1 – 15885 – Vedra) ou ubicación que se estableza para a realización das probas oportunas, provistos do DNI.

As persoas candidatas deberán realizar unha proba práctica para optar aos postos.

Para realizar a selección presentarase oferta no Servizo Público de Emprego de Santiago Norte para que remitan persoas candidatas desempregadas inscritas no Servizo público de Emprego e que pertencerán a algún dos seguintes colectivos:

COLECTIVO	DOCUMENTACION XUSTIFICATIVA
Mulleres	DNI
Menores de 30 anos ou maiores de 45 anos	DNI
Persoas desempregadas de longa duración	Certificado do Servizo Público de Emprego no que indique a antigüidade como demandante de emprego
Persoas con discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%	Certificado do grado de discapacidade
Persoas en situación de drogodependencia	Informe de Servizos Sociais
Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego	
Persoas con fogar monoparental	
Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais	
Persoas vítimas de violencia de xénero	
Persoas sen fogar	

As persoas candidatas participarán nun proceso de selección con realización de proba práctica e baremo da condición dos colectivos anteriormente enumerados.



Para isto as persoas candidatas deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ou colectivos aos que pertencen, mediante declaración xurada e no suposto que saian como titulares deberán acreditar no prazo máximo de 2 días, a contar dende o mesmo día que se fai pública a listaxe definitiva dos resultados do proceso selectivo, nas dependencias municipais as fotocopias ou os orixinais dos documentos que acrediten tal situación de colectivo específico e que se relaciona na Base segunda. De non acreditarse axeitadamente non se procederá á realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

BASE CUARTA.- COMISIÓN SELECCIONADORA.

A comisión seleccionadora será nomeada por Alcaldía e estará composto por 5 integrantes titulares: un Presidente/a, 3 vogais e un Secretario/a e 1 Presidente suplente e 1 vogal suplente. De conformidade co establecido no artigo 60 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, o tribunal cualificador das probas selectivas será nomeado por Resolución de Alcaldía, velando na súa composición polo cumprimento dos principios de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros, tendo así mesmo na súa composición a paridade entre muller e home (na medida do posible), e sen que poidan formar parte dos mesmos, o persoal de elección ou designación política, os funcionarios interinos, nin o persoal laboral temporal ou eventual, ademais a pertenza debe ser a título individual e persoal, sen que poidan facelo por conta ou representación de ninguén.

O nomeamento dos membros da comisión seleccionadora farase por Resolución de Alcaldía, que se publicará na Sede Electrónica do Concello de Vedra.

Para a válida constitución do comisión seleccionadora, a efectos da celebración de sesións, deliberacións e toma de acordos requirirase a presenza do presidente e do secretario ou de quen lles substitúan, e da metade, polo menos, dos seus membros titulares ou suplentes. As decisións adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo en caso de empate, o voto de calidade do presidente da comisión seleccionadora.

A comisión seleccionadora resolverá por maioría de votos dos seus membros presentes, todas as dúbidas e propostas que xurdan para a aplicación das normas contidas nestas Bases e estará facultada para resolver as cuestións que poidan suscitarse durante a realización das probas, así como para adoptar as medidas necesarias que garantan a debida orde das mesmas en todo o non previsto nas Bases. Os seus acordos serán impugnables nos supostos e formas establecidas pola Lei 39/2015, do Procedemento Administrativo Común. O Tribunal continuará constituído ata tanto se resolvan as reclamacións que se presenten ou as dúbidas que se poidan derivar do procedemento selectivo.

Os membros da comisión seleccionadora deberán absterse de formar parte do mesmo cando concorran neles algunha das circunstancias previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público. Así mesmo, as persoas aspirantes poderán recusarlles se concorre algunha daquelas circunstancias segundo o establecido no artigo 24 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público.

BASE QUINTA.- PROCESO DE SELECCIÓN.

A Comisión seleccionadora realizará:

PROBA PRÁCTICA: Máximo de 15 puntos

Consistirá na realización dunha proba práctica relacionada coas funcións do posto a desenvolver en cada caso.

A comisión seleccionadora puntuará este exercicio entre 0 e 15 puntos. Este exercicio **terá carácter obrigatorio e eliminatorio**.

Para superar dita proba será preciso acadar como mínimo 7,5 puntos.

A duración da proba práctica decidirá a comisión seleccionadora, segundo a proba que se estableza en cada caso.

BAREMACIÓN DAS SITUACIÓNS DE COLECTIVO ESPECÍFICO:

Para o baremo teranse en conta as situacións de exclusión social recollidas na base 3.2 e 3.3 das bases reguladoras do programa de subvención, valorándose cada unha delas a razón de 1 punto, sendo acumulativos. **O máximo a acadar neste apartado serán 11 puntos**. As persoas candidatas deberán acreditar documentalmente estas situacións.

Colectivo	Puntuación
- Mulleres.	1



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

- Maiores de 45 anos cumpridos.	1
- Persoas desempregadas de longa duración: Ós efectos deste programa, considéranse parados/as de longa duración aquelas persoas que leven como mínimo 1 ano como demandantes de emprego.	1
- Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida unha discapacidade en un grado igual ou superior ó 33%.	1
- Persoas en situación de drogodependencia.	1
- Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego.	1
- Persoas con fogar monoparental.	1
- Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais.	1
- Persoas vítimas de violencia de xénero.	1
- Persoa sen fogar.	1
- Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.	1

Para isto as persoas candidatas deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ou colectivos aos que pertencen, mediante declaración xurada, e no suposto de que saian como titulares deberán acreditar no prazo máximo de 2 días, a contar dende o mesmo día que se fai pública a listaxe definitiva dos resultados do proceso selectivo, nas dependencias municipais as fotocopias ou os orixinais dos documentos que acrediten tal situación de colectivo específico e que se relaciona na Base segunda. De non acreditarse axeitadamente non se procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

BASE SEXTA. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.

No caso de probas individuais, a orde de participación no proceso selectivo dos/as aspirantes iniciárase pola orde alfabética dos seus apelidos e nomes.

Das sesións que celebre a comisión seleccionadora o/a secretario/a levantará acta, onde se farán constar as cualificacións das probas dos/as aspirantes e das que se produzan. Xunto coa acta, uniranse ao expediente as follas da documentación acreditativa da situación de colectivo específico.

BASE SÉTIMA. SUPERACIÓN DO PROCESO SELECTIVO

- Superarán o proceso selectivo aquelas persoas aspirantes que, ordenadas segundo a puntuación global acadada, lle corresponda un número de orde igual ou inferior ó número de postos convocados.
- Para a obtención da puntuación global o tribunal sumará as puntuacións de ambas fases.
- No caso de empate a orde establecerase atendendo sucesivamente aos seguintes criterios:
 - a) Maior puntuación obtida na proba práctica.
 - b) Maior puntuación acadada no baremo do colectivo.
 - c) Acreditación de maior antigüidade como desempregado/a inscrito na Oficina Pública de Emprego.

- En ningún caso a Comisión seleccionadora poderá declarar que teñen superado o proceso selectivo, e por tanto, aprobado maior número de aspirantes que o número de postos convocados.

- A Comisión seleccionadora queda facultada para determinar o nivel mínimo esixido para a obtención das cualificacións de conformidade co sistema de valoración que acorde en cada exercicio.

BASE OITAVA- LISTA DE APROBADOS E PROPOSTA DE CONTRATACIÓN

Terminada a cualificación de todo o proceso, a comisión seleccionadora publicará no taboleiro de anuncios e na páxina web da corporación a relación de persoas aspirantes aprobadas pola orde de puntuación formulando proposta de contratación a favor das persoas aspirantes que figuren con maior puntuación, constituíndo o resto de persoas aspirantes aprobadas, listaxe de reserva.

Dita listaxe de reserva terá efectos para a cobertura de renuncias, baixas, ou a non acreditación (documento orixinal ou copia cotexadas) por parte das persoas candidatas nomeadas para o posto, da condición de colectivo específico recollido na Base segunda, en relación coa contratación vinculada ao procedemento obxecto destas bases.



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Teléf. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellodevedra.gal

Esta listaxe de reservas terá vixencia ata a publicación de nova listaxe no seguinte proceso selectivo pola mesma convocatoria en anos posteriores, se fose o caso.

Abrirase un prazo para a presentación das alegacións aos resultados acadados que se indicará cando se publique o listado da puntuación final. De non presentarse elevarase a definitiva a lista que se publicará na páxina web do Concello e no taboleiro de anuncios.

Unha vez rematado o proceso de selección, a proposta do tribunal será elevada ao alcalde para que formule a contratación das persoas que obteñan a mellor puntuación, en número que non supere a dos postos obxecto da convocatoria.

Cando a comisión seleccionadora non poida efectuar proposta de nomeamento por non terse presentado os/as aspirantes, elevará proposta á alcaldía de que se declare deserta.

A formalización do contrato realizarase conforme ao previsto na lexislación vixente.

BASE DÉCIMA. FORMALIZACIÓN DOS CONTRATOS.

Co obxecto de subscribir os correspondentes contratos as persoas candidatas deberán acreditar documentalmente a situación do colectivo ou colectivos aos que pertencen, mediante declaración xurada, e no suposto de que saian como titulares deberán acreditar no prazo máximo de 2 días, a contar dende o mesmo día que se fai pública a listaxe definitiva dos resultados do proceso selectivo, nas dependencias municipais as fotocopias ou os orixinais dos documentos que acrediten tal situación de colectivo específico e que se relaciona na Base Terceira. De non acreditarse axeitadamente non se procederá a realización da contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada. Así mesmo deberán presentar:

- DNI
- Tarxeta sanitaria e/ou número de afiliación á Seguridade Social
- Certificado de conta bancaria da que sexa titular a/o aspirante coa finalidade de proceder ao aboamento das nóminas.

Unha vez presentada a documentación referida procederase á formalización do contrato.

BASE UNDÉCIMA: INCIDENCIAS.

A Comisión Seleccionadora queda autorizada para resolver as dúbidas que se presenten, e para adoptar os acordos necesarios para o bo funcionamento do proceso de selección, en todo o non previsto nestas bases, facendo constar na acta correspondente os acordos adoptados.

A convocatoria coas súas bases e cantos actos administrativos se deriven dela, poderán ser impugnadas polas persoas interesadas ante a Xurisdición Social.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgota a vía administrativa, poderá formalizar demanda, no prazo de dous meses, ante o Xulgado do Social correspondente, á que acompañará copia da resolución denegatoria ou documento acreditativo da interposición o resolución del recurso administrativo, segundo proceda, unindo copia de todo elo para a entidade demandada, en virtude do disposto no artigo 69.2 da Lei 36/2011, de 10 de outubro, reguladora da Xurisdición Social.

En canto ao non previsto nas bases será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, de Emprego Público de Galicia; a Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local; o Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local; Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro; o Texto Refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2015, de 23 de outubro, e o Convenio Colectivo do Persoal do Concello.

Vedra, na data de sinatura dixital que figura na marxe



ANEXO I

Declaración xurada do cumprimento dos requisitos legais para a participación na convocatoria por medio de oferta na oficina pública de emprego correspondente e posterior concurso-oposición, para a selección de DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA CINCO MESES E MEDIO A XORNADA PARCIAL (6 HORAS/DÍA) E UN OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS AXUDANTE RECOLLIDA LIXO PARA CATRO MESES E MEDIO A XORNADA COMPLETA DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS ANO 2026” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA O CONCELLO DE VEDRA

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en,
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de
CONTRATACIÓN LABORAL DE:

- 2 PEONS DE OBRAS PUBLICAS
- 1 AXUDANTE RECOLLIDA RSU

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

- Non ter sido separado/a mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas, e dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin se achar en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargo públicos por resolución xudicial, para o acceso ó corpo ou escala funcionario, ou para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso do persoal laboral, no que tivese sido separado ou inhabilitado. No caso de ser nacional doutro Estado, non se achar inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.
- Así mesmo, a efectos do previsto no artigo 10 da Lei 53/1984, do 26 de decembro de Incompatibilidades do Persoal ó Servizo das Administracións Públicas e no artigo 13.1 do Real Decreto 598/1985, do 30 de abril, sobre incompatibilidades do persoal ó servizo da Administración do Estado, da Seguridade Social e dos Entes, Organismos e Empresas dependentes,

DECLARA:

- Que non desempeña ningún posto ou actividade no sector público delimitado polo artigo primeiro da Lei 53/1984,
- Que non realiza actividade privada incompatible ou suxeita a recoñecemento de compatibilidade.

En Vedra, a de de 2026

Sinatura:.....



ANEXO II

Declaración xurada dos colectivos aos que pertence segundo o establecido nas bases de convocatoria da subvención e do proceso de selección, para a participación na convocatoria por medio de oferta na oficina pública de emprego correspondente e posterior concurso-oposición, para a selección de DOUS PEÓNS DE OBRAS PÚBLICAS PARA CINCO MESES E MEDIO A XORNADA PARCIAL (6 HORAS/DÍA) E UN OPERARIO/A SERVIZOS VARIOS AXUDANTE RECOLLIDA LIXO PARA CATRO MESES E MEDIO A XORNADA COMPLETA DO “PROGRAMA DE INTEGRACIÓN LABORAL PEL-CONCELLOS ANO 2026” DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA, PARA O CONCELLO DE VEDRA

Don/a.....,
con DNI..... e domicilio en
nacional de....., a efectos de poder participar no proceso selectivo de CONTRATACIÓN LABORAL DE:

- 2 PEONS DE OBRAS PUBLICAS
• 1 AXUDANTE RECOLLIDA RSU

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1 Que pertenzo aos seguintes colectivos (marcar unha “x” onde proceda) :

Table with 2 columns: Colectivo and checkbox area. Rows include Mulleres, Maiores de 45 anos cumpridos, Parados/as de longa duración, Persoas con discapacidade, Persoas en situación de drogodependencia, Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego, Persoas con fogar monoparental, Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais, Persoas vítimas de violencia de xénero, Persoa sen fogar, Ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados ou financiados polas Administracións Públicas.

Recorde que estes datos deben ser certos e deberá acreditar documentalmente no suposto de que saia como titular do posto.

2 Comprométome, no suposto de que saia como titular do posto ofertado, a acreditar debidamente, mediante documentos orixinais ou copias cotexadas, as situacións que indico neste escrito, no prazo indicado nas bases, que é de 2 días a contar dende o mesmo día da publicación da listaxe definitiva.

3 Que coñezo que no suposto de que saia como titular do posto, e non cumprir co requisito que establece o punto 2 desta declaración, o concello de Vedra non procederá á contratación, e procederase a nomear o suplente da listaxe definitiva pola orde de puntuación acadada.

En Vedra, a de de 2026



CONCELLO DE VEDRA (A CORUÑA)



C.I.F. P-1509000-D – Telef. 981 81 46 12 – Telefax 981 50 33 31 – C.P. 15885 – e-mail: correo@concellovedra.gal

Sinatura:.....